



EXCMO. CONCELLO DE TUI

ANUNCIO

Mediante resolución da alcaldía de data 07.10.2020 ditouse o seguinte acto administrativo cuxo contido literal é:

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

PARA A CONTRATACIÓN ATA O REMATE DE CURSO 2020-2021 DE BRAIS TRONCOSO FUENTES COMO PROFESOR DE ÓBOE

Antecedentes:

1. Informe do director do Conservatorio profesional de Música de Tui do 30.08.2020 no que se recolle a necesidade de contratación dun profesor/a de óboe cunha extensión de seis horas semanais e ata o 06.09.2021.
2. Resolución da concellaría de Persoal do 20.01.2020 núm 2020-0045 de convocatoria e bases de selección para a contratación laboral temporal, a tempo parcial, dun/dunha profesor/a de óboe para impartir ensinanzas musicais no Conservatorio e/ou Escola de Música de Tui.
3. Resolución da concellaría de Persoal do 06.03.2020 núm. 2020-0299 pola que se publica a listaxe de persoas admitidas, nomeamento do tribunal e data do exame do proceso selectivo para a contratación laboral temporal, a tempo parcial, dun/dunha profesor/a de óboe para impartir ensinanzas musicais no Conservatorio e/ou Escola de Música de Tui.
4. Resolución da concellaría de Persoal do 13.03.2020 núm. 2020-0338 pola que se anula a proba do proceso selectivo para a contratación laboral temporal, a tempo parcial, dun/dunha profesor/a de óboe para impartir ensinanzas musicais no Conservatorio e/ou Escola de Música de Tui.
5. Resolución da concellaría de Persoal do 07.09.2020 pola que se reactiva o proceso selectivo, nomeamento de novo tribunal e data do exame do proceso selectivo para a contratación laboral temporal a tempo parcial dun profesor/a de óboe e outras materias para a Escola-Conservatorio de Música de Tui co fin da formación da listaxe de reseva prevista na base 10.
6. Providencia das concellarías de Persoal e Educación e Cultura do 07.09.2020, pola que se xustifica a urxencia para a contratación laboral temporal a tempo parcial dun/dunha profesor/a do Conservatorio e/ou Escola de Música de Tui na especialidade de óboe.
7. Certificado de existencia de crédito do 24.09.2020.
8. Efectuado o proceso selectivo, mediante Resolución da concellaría de Persoal do 29.09.2020 núm. 2020-1056 apróbase a listaxe de reserva do proceso de selección para a contratación laboral temporal a tempo parcial dun profesor/a de óboe para impartir ensinanzas musicais no Conservatorio e/ou Escola de Música de Tui.

De cara a posibles chamamentos e de acordo ao disposto na punto 10 e 11 das bases da convocatoria que regula o seu funcionamento, a listaxe de reserva queda conformada polas seguintes persoas e na orde de maior a menor puntuación:





EXCMO. CONCELLO DE TUI

Apelidos e Nome	DNI	Total proceso
Troncoso Fuentes Brais	**5852***	4,00

9. Mediante Resolución da concellaría de Persoal de data 05.10.2020 (nº 2020-1087) iniciouse o chamamento á persoa que figura na listaxe de reserva para a súa contratación laboral temporal por obra ou servizo ata o remate do curso. Dita resolución foi notificada ao interesado o 05.10.2020.

O día 07.10.2020, Brais Troncoso Fuentes presenta escrito, con n.r.e. 2020-E-RC-6398, polo que acepta o chamamento e presenta a documentación necesaria para ser contratado.

Ao abeiro da competencia atribuída no artigo 21.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora de Bases de Réxime Local, competencia indelegable segundo o disposto no artigo 21.3 da mesma norma e en concordancia co indicado no artigo 205.5 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia,

RESOLVO:

Primeiro: Contratar laboralmente, e con carácter temporal, a tempo parcial, pola modalidade de contrato de obra ou servizo, sendo o mesmo o curso escolar 2020-2021 a Brais Troncoso Fuentes con DNI ***8520**, dende o **07.10.2020** ata o **06.09.2021** data de finalización das probas de recuperación segundo o informe do director do conservatorio.

Segundo: Formalizar o correspondente contrato e presentar o mesmo no servizo de contrat@, do Servizo Público de Emprego no prazo de 10 días.

Terceiro: Dar traslado do presente acordo os departamentos de Secretaría-Persoal, Intervención e o Pleno na primeira sesión que se celebre.

Cuarto: Contra o presente acordo poderá interperse os seguintes recursos:

- **Potestativo de reposición**, ante o mesmo órgano que ditou o acordo, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte o desta notificación.
- **Contencioso administrativo**, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ó da presente notificación, se non se interpuxera o de reposición. Si se interpuxera este último, o prazo de dous meses empezarán a contarse dende o día seguinte ó da notificación da resolución do recurso de reposición, se esta fora expresa. Se a resolución non fora expresa o prazo para interpoñer o recurso contencioso administrativo será de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza a desestimación por silencio administrativo.
- Calquera outro que estime conveniente, baixo a súa responsabilidade.

Mándao e asíno o sr. Alcalde, Enrique Cabaleiro González

Documento asinado dixitalmente á marxe.

